

CONTRATO DE ALUGUEIRO DE INMOBLE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ

No día da data da sinatura dixital do presente, 4 de xaneiro de 2022, e a efectos da formalización,

INTERVEÑEN

Dunha parte **D. RAFAEL C. SISTO EDREIRA**, con DNI 33252651 X, alcalde do Concello de Teo, na representación legal que lle confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, asistido da Secretaria do Concello, D.^a Virginia Fraga Díaz.

Doutra **D. ANTONIO QUINTEIRO CANEDO**, maior de idade, veciño de Boqueixón, con domicilio na rúa Pedralta 6, Cusanca, Lestedo, CP 15881, e con DNI 33258634 J, en nome e representación, como administrador único, da sociedade PATRIMONIAL FERANPE S.L., con CIF B 15838642, titular do ben inmoible con referencia catastral 3524701NH3432S0001SP, como se acredita na escritura pública de compravenda, do 26 de decembro de 2007, e na nota simple do Rexistro da Propiedade de Padrón.

Ámbolos dous comparecentes recoñécense con competencia e capacidade, respectivamente, para obrigarse e formalizar o presente contrato privado, de acordo cos seguintes:

ANTECEDENTES

1.- Con data de 11 de outubro de 2021 asinouse entre o Concello de Teo e o Concello de Ames o “CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (Decreto 183/2003, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá)”.

2.- Emitido polo concelleiro de benestar, con data de 26 de outubro de 2021, informe

sobre necesidade de alugueiro, mediante Decreto da Alcaldía do 5 de novembro de 2021 (res 1209/2021), iniciouse o expediente para alugar, de forma directa, un local que reúna as características idóneas para a prestación do servizo de atención temperá.

3.- Con data de 29 de novembro de 2021, emitíuse polo arquitecto municipal informe técnico sobre o expediente de aluguer de inmovible para a prestación do servizo de atención temperá, no que se aborda a xustificación da adquisición directa, a non consideración do ben como de valor histórico ou artístico e a taxación do ben.

4.- Con data de 2 de decembro de 2021 incorpórase ao expediente a memoria da Alcaldía xustificativa da concertación directa do aluguer.

5.- Con data de 9 de decembro de 2021 emítense pola Intervención municipal certificado de existencia de crédito, con cargo á partida 2021 230/202.00, por importe de 1.453,21€.

6.- Con data de 13 de decembro de 2021 incorpórase ao expediente o Prego de condicións que rexerá o alugueiro dun inmovible sito en As Galanas para a prestación do servizo de atención temperá.

7.- Con data de 14 e 16 de decembro de 2021, emitíronse, respectivamente, os informes de Secretaría e Intervención.

8.- Mediante Decreto da Alcaldía do 20 de decembro de 2021 (res. 1415/2021) aprobouse o Prego de condicións, a taxación realizada polo arquitecto municipal o expediente de contratación e o gasto, por importe mensual de 1.453,21 €. O citado Decreto foi publicado na web municipal o 23 de decembro de 2021. Incorpórase ao presente, como anexo I, o Prego de condicións, aceptándoo os comparecentes coa sinatura do presente.

9.- O 21 de decembro de 2021 notificouse ao propietario invitación para participar no expediente de concertación directa de alugueiro de inmovible para a prestación do servizo de atención temperá (rex. saída nº 2996), sendo recibida por este ese mesmo día.

10.- Con data de 23 de decembro de 2021, preséntase no Concello por D. Antonio Quinteiro Canedo, en representación de PATRIMONIAL FERANPE S.L. a aceptación do alugueiro proposto e a documentación complementaria esixida no Prego de condicións (cl. 5) (Rex. 999 nº entrada 3304).

11.- Con data de 29 de decembro de 2021 emítase pola Tesoureira municipal informe sobre débedas de PATRIMONIAL FERANPE S.L., facendo constar que non se atopa como debedor en período executivo do Concello de Teo.

12.- Mediante Decreto da Alcaldía do 29 de decembro de 2021 (res. 1456/2021), resolveuse alugar a PATRIMONIAL FERANPE S.L. o inmovible descrito na presente, para a prestación do servizo de atención temperá. O citado Decreto foi debidamente notificado ao interesado con data de 3 de xaneiro de 2022 (rex. saída nº 17), sendo publicado na páxina web do Concello ese mesmo día. Incorpórase ao presente, como anexo II, o citado Decreto.

13.- De acordo coa cláusula 12 do Prego de condicións, mediante Decreto da Alcaldía do día da data aprobose e ordenouse o pagamento por importe de 1.706,42 €, en concepto de fianza correspondente a dúas mensualidades do alugueiro de local destinado á prestación do servizo de atención temperá (res. 4/2022). Na mesma data ordenouse o pago do importe citado ao interesado na conta bancaria designada por este ao efecto (rex. saída nº 20). Incorpóranse ao presente, como anexo III, os documentos citados.

En base aos antecedentes expostos, as partes comparecentes proceden a formalizar en documento administrativo o presente contrato de alugueiro, con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO E NATUREZA DO CONTRATO.- D. Rafael C. Sisto Edreira, en nome e representación do Concello de Teo, formaliza no presente documento

administrativo o alugueiro do inmovible sito en As Galanas nº 67, 1ª planta, adxudicado a **PATRIMONIAL FERANPE S.L.**, CIF B 15838642, con arranxo ao Decreto da Alcaldía do 29 de decembro de 2021 (1456/2021).

O inmovible citado é o que se describe a continuación:

- Localización: Travesía das Galanas nº 67, 1ª planta. Urbanización As Galanas, parcela 13.
- Identificación do propietario: Patrimonial Feranpe, S.L..
- Título de Propiedade: Escritura de compravenda de 26 de decembro de 2007, outorgada polo Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. Hector Ramiro Pardo García, co número tres mil setecentos noventa e tres do seu protocolo.
- Superficie útil: 156 m²
- Referencia catastral: 3524701NH3432S0001SP.
- Inscripción no Rexistro da Propiedade de Padrón: 3ª Tomo: 742, Libro: 269, Folio: 209, Data: 15 de xaneiro de 2008.

O contrato ao que se refire o presente ten a cualificación de contrato privado, tal e como establecen os artigos 9 e 26 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

SEGUNDA.- NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO.

O Concello destinará o inmovible á prestación do servizo de atención temperá no marco do CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a rede galega de atención temperá), asinado o 11 de outubro de 2021 entre o Concello de Ames e o Concello de Teo.

TERCEIRA.- PRAZO DE DURACIÓN DO CONTRATO.

O prazo de duración do contrato será de once meses, a contar desde o día seguinte ó da presente formalización do contrato en documento administrativo, rematando en todo

caso o 31 de outubro de 2022. Por acordo expreso entre ambas as partes poder prorrogarse o contrato de acordo co Convenio de Colaboracin ao que se refire a clusula segunda do presente.

CUARTA.- PREZO DO CONTRATO.

O prezo do contrato, que comprende o aluguer e os servicios complementarios que se indican,  o que se detalla a continuacin:

4.1.- O importe do aluguer  de setecentos cinco euros con trece cntimos (705,13 ) mensuais, mis o IVE correspondente, que ascende a cento corenta e oito euros con oito cntimos (148,08 ), o que supn un importe total mensual de oitocentos cincuenta e tres euros con vinte e un cntimos (853,21 ).

4.2.- O importe mensual dos servicios complementarios, IVE engadido,  o seguinte:

- Luz e calefaccin – 250 
- Auga e saneamento – 10 
- Telfono e internet – 100 
- Limpeza do inmoible e reas comns – 150 
- Recollida de lixo, servizo de mantemento interior do local e sinalizacin corporativa – 90 .

Este prezo abonarase  propiedade por meses vencidos, previa presentacin do recibo da mensualidade por parte do arrendador.

QUINTA.- INSCRIPCIN NO REXISTRO.

De conformidade co previsto no artigo 36 da LPAP, artigo 2 do Decreto de 8 de febreiro de 1946, e Real Decreto 297/1996, de 23 de febreiro, no caso de que se pretenda inscribir o arrendamento no Rexistro da Propiedade, os gastos aparellados a dita inscripcin corrern a cargo daquela das partes que as o solicitara.

SEXTA.- CARGAS E GRAVMENES.

O Concello aluga o inmoible libre de cargas e gravames e ao corrente de tdalas taxas, impostos e contribucins, tanto locais, estatais e/ou autonmicas.

O Concello non se subrogará e, polo tanto, non aboará en ningún caso as débedas de calquera clase ou natureza que teñan o arrendador pendentes de pago en relación co inmovible obxecto de aluguer.

SÉTIMA.- FIANZA.

Segundo o establecido na cláusula 12 do Prego de condicións, de conformidade co previsto no artigo 36 da Lei 29/1994, de 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, á celebración do contrato será obrigatoria a esixencia da prestación de fianza en metálico equivalente a dúas mensualidades de renda, entendendo que a mensualidade de renda refírese unicamente ó importe do aluguer, excluídos os servizos complementarios. Tal e como consta nos antecedentes do presente, no día da data aprobose e ordenouse o pagamento do importe da fianza (1.706,42 €), na conta bancaria designada ao efecto polo interesado.

OITAVA.- REPARACIÓNS.

O arrendador comprométese a realizar as reparacións necesarias a que estea obrigado, asumindo o arrendatario o compromiso de permitir a entrada ás persoas que se designe para efectuar as inspeccións e obras de reparacións ás que resulte obrigado.

O arrendador presta o seu consentimento na realización das obras que resulten necesarias a fin de acondicionar as instalacións para un normal funcionamento do servizo municipal de atención temperá á que se destinará o inmovible, obras que se realizarán baixo a responsabilidade do Concello para todos os efectos.

NOVENA.- TRATAMENTO DOS DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

O Concello de Teo, como responsable do tratamento, tomará as medidas oportunas para facilitar ao adxudicatario do contrato, en calidade de interesado, toda a información indicada nos artigos 13 e 14 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como calquera comunicación con arranxo aos artigos 15 a 22 e 34 da citada norma, e no

disposto nos artigos 11 e ss da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), relativa ao tratamento, en forma concisa, transparente, intelixible e de fácil acceso, cunha linguaxe clara e sinxela.

A información será facilitada por escrito ou por outros medios, inclusive, se procede, por medios electrónicos. Cando o solicite o interesado, a información poderá facilitarse verbalmente sempre que se demostre a identidade do interesado por outros medios.

O responsable do tratamento facilitará ao interesado o exercicio dos seus dereitos en virtude dos artigos 12 e ss da LOPD.

DÉCIMA. CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE.

O adxudicatario e toda persoa física ou xurídica del dependente que, por razón do presente contrato, se atope baixo a autoridade do responsable de tratamento ou do encargado e acceda ou poida acceder a datos persoais responsabilidade desta Administración, só poderá tratar devanditos datos seguindo as instrucións do responsable de tratamento deste Concello, salvo que estea obrigado ao tratamento dos citados datos en virtude do Dereito da Unión Europea ou dos Estados membros.

ÚNDÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO.

De conformidade co disposto nos artigos 9.2 e 26 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e nos artigos 110 e ss da Lei de Patrimonio de Administracións Públicas, o presente contrato ten carácter privado, rexéndose polo establecido no Prego de condición incorporado como anexo I do presente e, en todo o non previsto no mesmo, pola lexislación patrimonial e supletoriamente pola normativa contractual, en canto a súa preparación e adxudicación, e polas normas de dereito privado, en canto aos seus efectos e extinción.

DÉCIMO SEGUNDA.- XURISDICCIÓN COMPETENTE.

As cuestións litixiosas derivadas do contrato serán competencia da orde Xurisdiccional Civil. Porén, consideraranse actos xurídicos separables os que se diten en relación coa preparación e adxudicación do contrato e, en consecuencia, poderán ser impugnadas

ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo, de acordo coa normativa reguladora de dita xurisdición.

Lido este documento e en proba da súa conformidade, asina dixitalmente ámbalas dúas partes, do que, como secretaria, dou fe.

O alcalde

O titular do ben inmovible

Rafael C. Sisto Edreira

Antonio Quinteiro Canedo

A secretaria

Virginia Fraga Díaz

ANEXO I: PREGO DE CONDICIÓNNS QUE REXERÁ O ALUGUEIRO DUN INMOBLE SITO EN AS GALANAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ

PREGO DE CONDICIÓN QUE REXERA O ALUGUEIRO DUN INMOBLE SITO EN AS GALANAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ

1.- OBXECTO DO CONTRATO E CUALIFICACIÓN.

O presente prego ten por obxecto fixar o procedemento e condicións para a concertación directa polo Concello de Teo do contrato privado de alugueiro do inmovible cuxa descrición é a seguinte:

- Localización: Travesía das Galanas nº 67, 1ª planta. Urbanización As Galanas, parcela 13.
- Identificación do propietario: Patrimonial Feranpe, S.L..
- Título de Propiedade: Escritura de compravenda de 26 de decembro de 2007, outorgada polo Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. Hector Ramiro Pardo García, co número tres mil setecentos noventa e tres do seu protocolo.
- Superficie útil: 156 m²
- Referencia catastral: 3524701NH3432S0001SP.
- Inscripción no Rexistro da Propiedade de Padrón: 3ª Tomo: 742, Libro: 269, Folio: 209, Data: 15 de xaneiro de 2008.

O devandito inmovible será destinado ao servizo municipal de atención temperá.

O contrato ao que se refire o presente ten a cualificación de contrato privado, tal e como establecen os artigos 9 e 26 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

2.- PREZO DO CONTRATO.

O prezo máximo do contrato, que comprende o aluguer e os servizos complementarios que se indican, é o que se detalla a continuación:

2.1.- O importe máximo do aluguer é de setecentos cinco euros con trece céntimos (705,13 €) mensuais, máis o IVE correspondente, que ascende a cento corenta e oito euros con oito céntimos (148,08 €), o que supón un importe total mensual de oitocentos cincuenta e tres euros con vinte e un céntimos (853,21 €).

2.2.- O importe máximo mensual dos servicios complementarios, IVE engadido, é o seguinte:

- Luz e calefacción – 250 €
- Auga e saneamento – 10 €
- Teléfono e internet – 100 €
- Limpeza do inmovible e áreas comúns – 150 €
- Recollida de lixo, servizo de mantemento interior do local e sinalización corporativa – 90 €.

Este prezo abonarase á propiedade por meses vencidos, previa presentación do recibo da mensualidade por parte do arrendador.

3.- FINANCIACIÓN.

O contrato financiarase con cargo á partida orzamentaria 230/202.00, na que existe crédito suficiente.

Para o resto de exercicios, incluídas as posibles prórrogas, quedará condicionada á existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente en cada exercicio orzamentario.

4.- PROCEDEMENTO DE SELECCION E ADXUDICACIÓN E TRANSPARENCIA.

O presente contrato adxudicarase de forma directa, dada a concorrencia das circunstancias previstas no artigo 124 en relación co artigo 116.4 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio de Administracións Públicas (LPAP), sobre a base das peculiaridades da necesidade a satisfacer e a especial idoneidade do ben, solicitándose oferta exclusivamente ao propietario do inmovible que se pretende alugar, ao tratarse do único que satisfaría as características e necesidades requiridas polo Concello.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo doutros medios de publicidade, farase pública na páxina web do Concello de Teo (www.teo.gal) a información relativa á aprobación do expediente e ao aluguer do inmovible.

5.- ACEPTACIÓN DO ALUGUER E DOCUMENTACION COMPLEMENTARIA.

Tramitado o expediente, se lle remitirá escrito á persoa propietaria do inmovible descrito a fin de que, se está interesada en proceder o seu alugueiro ao Concello de Teo, manifieste a aceptación expresa dos termos do mesmo, con suxeición ao disposto neste prego, acompañándose a estes efectos da documentación á que se refire a presente cláusula.

A aceptación do aluguer efectuarase de conformidade co seguinte modelo.

"D....., con domicilio en....., municipio....., CP, e DNI nº, en nome propio (ou en representación de.....como acreditado por.....), enterado de que o Concello de Teo esta interesado en alugar por adjudicación directa o inmovible sito no nº 67 da Travesía da Galanas, 1ª planta, fago constar que coñezo o prego de condicións e acéptoo comprometéndome a alugar ao Concello de Teo o citado inmovible, do cal son propietario, con suxeición a este prego polo importe de(en letra e número)"

Xunto coa a aceptación do aluguer, a persoa propietaria deberá aportar os seguintes documentos:

- a) Persoa física: D.N.I, Pasaporte ou documento que o substitúa.
- b) Persoa xurídica: CIF e escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil.
- c) Poderes: Cando o interesado non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre ante a Administración contratante.
- d) Bastanteo de poderes: os poderes a que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberán bastantearse previamente pola Secretaria da Corporación ou, no seu defecto, pola/o funcionaria/o habilitada/o. En consecuencia, a persoa interesada deberá cumprir este requisito con anterioridade á presentación da documentación.
- e) Número de Identificación Fiscal.
- f) Declaración expresa de que o propietario non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- g) Certificación ou recibo acreditativo do pago do Imposto de Bens Inmóbles e referencia catastral.

h) Declaración de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e coa Seguridade Social, extremo que deberá acreditarse debidamente a través dos certificados correspondentes con carácter previo á concertación do aluguer.

A verificación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Teo, será realizada de oficio por este.

i) Título de propiedade do inmovible e datos rexistrals, especificando a inexistencia de cargas.

j) Certificado de eficiencia enerxética do inmovible, conforme dispón o Real Decreto 390/2021, do 1 de xuño, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios.

A aceptación do aluguer e a documentación complementaria terá que presentarse en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no prazo de 5 días hábiles, a contar dende o seguinte ao da recepción da invitación, dando cumprimento ao establecido no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante, LPACAP).

A proposta do interesado deberá axustarse ao presente prego e a súa presentación supón a aceptación incondicional das cláusulas do mesmo sen salvedade algunha.

6.- ADXUDICACIÓN.

O órgano competente adxudicará o alugueiro do inmovible á persoa invitada sempre que presente a documentación que se fixa no presente prego e acepte as condicións do mesmo.

7.- FORMALIZACIÓN.

A formalización do alugueiro do inmovible producirase coa subscripción do correspondente contrato, en documento administrativo, que se efectuará dentro dos cinco días hábiles seguintes a contar desde a data da notificación da adxudicación. O adxudicatario deberá concorrer para a subscripción do contrato no día e hora que sinala o Concello de Teo previo requirimento municipal a tal fin. En ningún caso se

poderán incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

8.- INSCRIPCIÓN NO REXISTRO.

De conformidade co previsto no artigo 36 da LPAP, artigo 2 do Decreto de 8 de febreiro de 1946, e Real Decreto 297/1996, de 23 de febreiro, no caso de que se pretenda inscribir o arrendamento no Rexistro da Propiedade, os gastos aparelados a dita inscrición correrán a cargo daquela das partes que así o solicitara.

9.- DURACION DO CONTRATO.

O prazo de duración do contrato será de once meses, a contar desde o día seguinte o da formalización do contrato en documento administrativo, rematando en todo caso 31 de outubro de 2022. Por acordo expreso entre ambas as partes poderán prorrogarse o contrato de acordo co Convenio de Colaboración ao que se refire a cláusula seguinte.

10.- DESTINO.

O Concello destinará o inmovible arrendado á prestación do servizo de atención temperá no marco do CONVENIO DE COLABORACION PARA A XESTION COMPARTIDA-AGRUPACION DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCION TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a rede galega de atención temperá), asinado o 11 de outubro de 2021 entre o Concello de Ames e o Concello de Teo.

11.- CARGAS E GRAVÁMENES.

O Concello concertará o alugueiro sobre o inmovible libre de cargas e gravames e ao corrente de tódalas taxas, impostos e contribucións, tanto locais, estatais e/ou autonómicas.

O Concello non se subrogará e, polo tanto, non aboará en ningún caso as débedas de calquera clase ou natureza que teñan o arrendador pendentes de pago en relación co inmovible obxecto de aluguer.

12.- FIANZA.

De conformidade co previsto no artigo 36 da Lei 29/1994, de 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, á celebración do contrato será obrigatoria a esixencia da

prestación de fianza en metálico equivalente a dúas mensualidades de renda, entendendo que a mensualidade de renda refírese únicamente o importe do aluguer, excluídos os servizos complementarios.

13.- REPARACIONES.

O arrendador comprométese a realizar as reparacións necesarias a que estea obrigado, asumindo o arrendatario o compromiso de permitir a entrada ás persoas que se designe para efectuar as inspección e obras de reparacións ás que resulte obrigado.

O arrendador presta o seu consentimento na realización das obras que resulten necesarias a fin de acondicionar as instalacións para un normal funcionamento do servizo municipal de atención temperá á que se destinará o inmovible, obras que se realizarán baixo a responsabilidade do Concello para todos os efectos.

14.- TRATAMENTO DOS DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

O Concello de Teo, como responsable do tratamento, tomará as medidas oportunas para facilitar ao adxudicatario do contrato, en calidade de interesado, toda a información indicada nos artigos 13 e 14 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como calquera comunicación con arranxo aos artigos 15 a 22 e 34 da citada norma, e no disposto nos artigos 11 e ss da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), relativa ao tratamento, en forma concisa, transparente, intelixible e de fácil acceso, cunha linguaxe clara e sinxela.

A información será facilitada por escrito ou por outros medios, inclusive, se procede, por medios electrónicos. Cando o solicite o interesado, a información poderá facilitarse verbalmente sempre que se demostre a identidade do interesado por outros medios.

O responsable do tratamento facilitará ao interesado o exercicio dos seus dereitos en virtude dos artigos 12 e ss da LOPD.



15.- CLAUSULA DE CONFIDENCIALIDADE.

O adxudicatario e toda persoa física ou xurídica del dependente que, por razón do presente contrato, se atope baixo a autoridade do responsable de tratamento ou do encargado e acceda ou poida acceder a datos persoais responsabilidade desta Administración, só poderá tratar devanditos datos seguindo as instrucións do responsable de tratamento deste Concello, salvo que estea obrigado ao tratamento dos citados datos en virtude do Dereito da Unión Europea ou dos Estados membros.

16.- RÉXIME XURÍDICO.

De conformidade co disposto nos artigos 9.2 e 26 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e nos artigos 110 e ss da Lei de Patrimonio de Administracións Públicas, o presente contrato ten carácter privado, rexéndose polo establecido no presente Prego e, en todo o non previsto no mesmo, pola lexislación patrimonial e supletoriamente pola normativa contractual, en canto a súa preparación e adxudicación, e polas normas de dereito privado, en canto aos seus efectos e extinción.

17.- XURISDICCIÓN COMPETENTE.

As cuestións litixiosas derivadas do contrato serán competencia da orde Xurisdiccional Civil. Porén, consideraranse actos xurídicos separables os que se diten en relación coa preparación e adxudicación do contrato e, en consecuencia, poderán ser impugnadas ante o orde xurisdiccional contencioso-administrativo, de acordo coa normativa reguladora de dita xurisdicción.

Teo, na data da sinatura dixital do presenta.
O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira

DILIXENCIA.- Que estendo eu, secretaria do Concello, para facer constar que o Prego de condicións que antecede foi aprobado por Resolución da Alcaldía de 20 de decembro de 2021 (nº 1415/2021).

Teo, a 20 de decembro de 2021.

A secretaria xeral

Virginia Fraga Díaz - 76967703C
Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Fecha: 2021.12.20 12:23:22 +01'00'

ANEXO II: DECRETO DA ALCALDÍA, DO 29 DE DECEMBRO DE 2021 (RES. 1456/2021), ALUGANDO O INMOBLE



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto o expediente de contratación incoado a instancia desta Alcaldía, mediante Resolución de 5 de novembro de 2021 (nº 1209), para o alugueiro do inmovible que se describe a continuación para a prestación do servizo de atención temperá:

- Localización: Travesía das Galanas nº 67, 1ª planta. Urbanización As Galanas, parcela 13.
- Identificación do propietario: Patrimonial Feranpe, S.L..
- Título de Propiedade: Escritura de compravenda de 26 de decembro de 2007, outorgada polo Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. Hector Ramiro Pardo García, co número tres mil setecentos noventa e tres do seu protocolo.
- Superficie útil: 156 m²
- Referencia catastral: 3524701NH3432S0001SP.
- Inscripción no Rexistro da Propiedade de Padrón: 3ª Tomo: 742, Libro: 269, Folio: 209, Data: 15 de xaneiro de 2008.

Aprobado o expediente de contratación, mediante Resolución desta Alcaldía de 20 de decembro de 2021 (nº 1415/2021), e remitida invitación ao propietario do inmovible que se pretende alugar.

Visto que a proposición e documentación complementaria aportadas polo propietario do inmovible, con data de 23 de decembro de 2021 (Rex. 999, nº entrada nº 3304), se axustan ao previsto no Prego de condicións.

Verificado de oficio, de acordo co previsto no Prego de condicións (cl. 5) h)), que o propietario do inmovible atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Teo, tal e como se desprende do informe de Tesourería de 29 de decembro de 2021 incorporado ao expediente.

Vista a restante documentación que integra o expediente obxecto da presente e considerando que se cumpriron todos os trámites para proceder á concertar de forma directa o alugueiro do inmovible en cuestión.



En virtude do exposto, sendo competencia desta Alcaldía a adopción deste acordo e en virtude das atribucións que me confire a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP),

RESOLVO:

Primeiro.- Alugar a Patrimonial Feranpe S.L., con CIF B15838642, o inmovible sito en As Galanas nº 67, 1ª planta, que se describe na presente, para a prestación do servizo de atención temperá, de acordo co Prego de condicións aprobado mediante Resolución da Alcaldía de 20 de decembro de 2021, polo prezo mensual de mil catrocentos cincuenta e tres euros con vinte e un céntimos de euro (1.453,21€), de acordo co seguinte desglose:

- Aluguer, setecentos cinco euros con trece céntimos (705,13 €) mensuais, máis o IVE correspondente, que ascende a cento corenta e oito euros con oito céntimos (148,08 €), o que supón un importe total mensual de oitocentos cincuenta e tres euros con vinte e un céntimos (853,21 €).

- Servicios complementarios, IVE engadido,:

- Luz e calefacción – 250 €

- Auga e saneamento – 10 €

- Teléfono e internet – 100 €

- Limpeza do inmovible e áreas comúns – 150 €

- Recollida de lixo, servizo de mantemento interior do local e sinalización corporativa – 90 € S.L.

Segundo.- De acordo co previsto no Prego de condicións o prezo aboarase por meses vencidos, previa presentación do recibo da mensualidade por parte do arrendador.

Terceiro.- A formalización do alugueiro do inmovible producirase coa subscripción do correspondente contrato, en documento administrativo, que se efectuará dentro dos cinco días hábiles seguintes a contar desde a data da notificación da adxudicación. O adxudicatario deberá concorrer para a subscripción do contrato no día e hora que



sinale o Concello de Teo previo requirimento municipal a tal fin. En ningún caso se poderán incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

Cuarto.- Notificar o presente ao adxudicatario e comunicarllo á Intervención e a Tesourería municipais para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Quinto.- Facer público o contido da presente na web municipal

Sexto.- Dar conta ao Pleno do Concello na vindeira sesión ordinaria que celebre.

Teo, asinado, polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

O alcalde,

A secretaria xeral, que dou fe

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz

ANEXO III: DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA FIANZA



RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: PAGO FIANZA ALUGUER LOCAL ATENCION TEMPERÁ.
EXPEDIENTE: 2022/G003/000005

Visto o expediente tramitado para o alugueiro de un local para a prestación do servizo de atención temperá para os concellos de Teo e Ames.

Considerando que, segundo a cláusula 12 do prego de condicións se estipula o depósito dunha fianza por importe de dúas mensualidades do alugueiro que ascende a un total de 853,21€(IVE incluído), e que se trata dun pago non presupostario.

En virtude do exposto e no exercicio das atribucións que me confiren os artigos 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de réxime local e 185 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar e ordear o pagamento por importe de 1.706,42€ ,en concepto de fianza correspondente a dúas mensualidades do alugueiro do local destiñado á prestación do servizo de atención temperá,que deberá de ingresarse na conta que se designe ao efecto.

Segundo.- Dar conta do presente aos servizos económicos municipais aos efectos oportunos.

Terceiro.- Dar conta do presente decreto ao Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria que celebre.

Teo, asinado na data que figura na marxe.

O alcalde

A secretaria xeral, que dou fe

Rafael Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz



CONCELLO DE TEO I.A. CORE S.M.I.

CONCELLO DE TEO
REXISTRO XERAL SAIDA
04 XAN. 2022
Nº 26

OP/ REL TRANSF FIANZA LOCAL SERVIZO ATENCIÓN TEMPERÁ

Rogamos procedan á realización da transferencia que se detalla, con cargo á conta ES19 2080 0318 19 3110000099 deste concello nesa entidade,

Titular	CIF	Concepto	Iban	Código	Oficina	D.C.	Nº Conta	Importe
PATRIMONIAL FERANPE S.L	B15838642	Fianza aluguer local atención temperá	ES73	2080	0300	81	3040139917	1.706,42 €

Total	1.706,42 €
-------	------------

En Teo, a 4 de xaneiro de 2021

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira

A interventora ,

O Tesoureiro acctal.,

Monica Isabel Lado Varela

Diego Rodríguez Porto

Sr/a Director /a sucursal de Abanca

Pontevea

FIRMADO POR ANTONIO QUINTEIRO CANEDO (FECHA: 04/01/2022 13:35:00) , Rafael Carlos Sisto Edreira (FECHA: 04/01/2022 13:40:00) , Virginia Fraga Díaz (FECHA: 04/01/2022 13:42:00) Versión imprimible

CVD: 10C3unUj7VkbWVdyb+ly Verificable en la Sede Electrónica del Organismo .

FIRMADO POR Rafael Carlos Sisto Edreira (FECHA: 04/01/2022 11:43:00) , Mónica Isabel Lado Varela (FECHA: 04/01/2022 11:50:00) , Diego Rodríguez Porto (FECHA: 04/01/2022 11:51:00) Versión imprimible

*D: dkctf5m25Yr7w3s0b1j94 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.